

CRITERIOS DE ADMISIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO

- As **inscricións** para o comedor realizaranse **ao final do curso anterior**
- No caso de que a demanda exceda a capacidade do comedor, seguiranse os **criterios de admisión** que abaixo se detallan, e nesta orde:
 - Usuari@s que asistan todos os días
 - Usuari@s de nova matrícula cux@s irmáns ou irmás asistan ao comedor
 - Usuari@s de 4, 3, 2 e 1 días

- Unha vez que @ nen@ estea inscrito para uns determinados **días** (os que estean indicados na folla de inscrición), estes **non poderán modificarse** salvo causa de forza maior.

- En todos os casos, as inscricións entregaranse ben cumprimentadas dentro do período de inscrición ou, en caso de lista de espera, na quenda que lle corresponda de acordo coa orde de entrega e os criterios de inscrición xa citados.
- Ao longo do curso, calquera cambio nos días, así como a baixa do servizo, deberán ser comunicados con **cando menos 15 días de antelación**. De non ser así, os cargos pasaranse de acordo cos días contratados nun primeiro momento.
- O cargo do importe correspondente o mes de Setembro farase tendo en conta a inscrición. Os que comencen o servizo no mes de Outubro pagaran unha cota de **reserva** sempre que o notifiquen na anpa
- Todos os cargos efectuaranse nos primeiros días de cada mes (por adiantado).
- O **horario de recollida** d@s nens do comedor será **de 15.00 hs. a 16.00 hs.:**
 - Ed. Infantil (3, 4 e 5 anos), nas dependencias do comedor.
 - Ed. Primaria, pola entrada de abaixo, sen acceder ao comedor.

IMPORTANTE:

Débese ter en conta que, a pesar de que a ANPA e o Centro colaboren na organización de moitas actividades, os servizos ofertados por esta ANPA están organizados pola propia asociación, e non polo Centro que, por razóns de confidencialidade, non pode facilitarnos ningunha información relativa a @s nen@s. Por este motivo solicitamos que **calquera incidencia nas circunstancias d@ nen@ (enfermidades, alerxias, cambios de titor/a...), sexa comunicada por escrito** a Ana (encargada do comedor) en calquera momento do curso en que a familia teña coñecemento da súa existencia. De non ser así, esta ANPA declina toda responsabilidade que se lle poida reclamar.

A administración de **medicamentos** por parte de persoal do comedor só se fará **PREVIA PRESENTACIÓN DE AUTORIZACIÓN ESCRITA**, que será **IMPRESINDIBLE**.

NORMAS DE COMPORTAMENTO

O tempo que @s nen@s pasan no comedor tamén forma parte do seu proceso educativo. É por isto, ademais de por razóns obvias de funcionamento do comedor, que nos parece fundamental que @s nen@s vaian desenvolvendo unha serie de capacidades e

habilidades relacionadas coa convivencia e co coidado persoal. No seguinte cadro recollemos algunhas das que nos parece máis importante salientar e, sempre que sexa posible, traballar tamén na casa.

ORDE: Ao entrar, mentres se come e ao saír

LIMPEZA: Lavado de mans ANTES de comer e
de dentes DESPOIS de comer.

COIDADADO: Uso correcto dos utensilios e material en xeral.

RESPECTO: A compañeir@s e monitor@s

COLABORACIÓN: Axuda a compañeir@s e monitores.

XOGOS: Todos podemos xogar e divertírmonos
sen meternos con ninguén

ADVERTENCIAS:

- **Ed. Infantil:** Recoméndase que @s nen@s traian un **mandilón**, ademais do que teñan na aula, para poñer durante a hora da comida.
- **Ed. Primaria:** Recoméndase que @s nen@s traian un pequeno neceser con **cepillo e pasta de dentes**, para non perder os hábitos de hixiene.
- O **mal comportamento** repetido en calquera usuari@ do comedor implicará a **cesión da súa asistencia** ao mesmo por un período que se determinará en cada caso, ou indefinidamente nos casos máis graves.
- No horario de comedor, **@s monitor@s do comedor son os encargados de atender a tod@s @s nen@s** polo que, en caso de que fose necesario, son **só eles** quen **poden chamarlles a atención a@s nen@s** por razón do seu comportamento.